

ADMINISTRACION ELECTRÓNICA. FERRAMENTAS E AXUDA

IX Evento do ciclo Soberanía Dixital



amarinha.gal

2025

Non ten sentido facerse o sorprendido agora. Tódolos documentos do proxecto e ordes de demolición levan 50 dos vosos anos terrestres colgados no departamento de planificación local en Alfa Centauri, tivestes máis que tempo de abondo para presentar unha queixa formal e é tarde demais para vir aquí enredar.

— Douglas Adams, *Guía do autoestopista intergaláctico*

Soberanía administrativa: Unha administración de e polas persoas. Usando aparellos, sen discriminar

por ANTONIO GREGORIO MONTES

E ben, é moi posible (probabilidade próxima ó 100 %) que te atoparas non unha, senón máis veces, que os trámites coa administración obríganche a facelos ‘si ou tamén’ a través da rede, de xeito dixital, e que te atoparas con auténticos colos de botella que che impiden seguir e lograr levar a bo remate o trámite correspondente. É tamén moi probable que as axudas arbitradas para a tramitación, anunciadas pola propia administración, non che serviran, e que teñas que recorrer a alguén coñecido para que che axude a rematar a tarefa (ou pagar para que un ‘asesor’ faga as cousas por ti).

Cousa de reflexionar. Por que necesitamos o dixital? E, por que non se achega a administración a nós doutro xeito? Ó fin, antes non había isto de internet, e parece que a administración funcionaba tan ben (ou tan mal) como agora. Iso si, había que pasar si ou si polas oficinas correspondentes porque a maioría de trámites non se podían facer co envío dunha carta. E tampouco tiñan tantos datos de nós como agora. Tan repetidos? Coido que por ter menos, estaban tamén menos repetidos, pero esa é unha causa que coido non debemos recoller en favor do de antes. E é que non se trata de facer un retroceso, de volver ó pasado, senón de aproveitar as cousas boas do presente sen renunciar ás boas do pasado. É posible? E por que non tería que selo? O que si, teríamos antes que cambiar a mentalidade da administración (e moi posiblemente, a nosa).

Pero voltemos a botarlle as contas á administración. Hai un consenso xeral en que os programas que a administración pon a disposición do usuario son en xeral de baixa calidade: repetitivos, confusos, pouco amigables, escuros. Algo que se pode comprobar moitas veces chamando á oficina correspondente e comprobando que a eles, ós funcionarios, tamén se lles fai costa arriba, coa excepción dalgún adiantado en cada oficina. Os motivos de que isto sexa así son descoñecidos para min. Pode que pola contratación de subministro primando o prezo, pode que por falta de revisión do produto final entregado pola empresa na que se privatizou o asunto, pode que pola participación do cazo nos concursos correspondentes, pode que pola elección de software propietario en troques de software libre e aberto que dificulta o cambiar de subministrador, pode que pola mala redacción das condicións de servizo dos programas... elixe a ou as hipó-

teses para cada caso, pero o asunto é que ten que haber algunha causa, e que as anteriores están entre as máis comúns. Os programas, digo, hai un consenso de que son unha merdiña salvo honrosas excepcións (haber, hainas, pero agora non me lembro de ningunha). Mais tamén falla a administración na formación dos administrados para o uso deses galimatías informáticos que nos obriga a manexar. E na (des)coordinación dos diferentes programas entre diferentes administracións ou seccións dunha mesma administración. Un exemplo: tenme chegado un mesmo aviso por tres vías dixitais diferentes, pero logo ter dificultade para acceder ós lugares -varios asemade- onde pretendía o aviso. No descargo da administración, dicir que abonda con que unha das ramas da estrutura administrativa sexa un desastre no seu funcionamento para que arrastre consigo a outras que poden funcionar ben. E iso pasa aínda con descoordinación! Se estiveran coordinados tamén no mal, adeus! Un exemplo? Cada vez que teño que facer un trámite relacionado co catastro de Lugo, éntrame un tremor... (aínda que non sexa un trámite dixital).

Pero, como que a administración non forma á xente? Se cada dous por tres hai cursiños! ... Si? É certo, hai. Mais, a ollo pronto, todos os cursiños de formación dixital relacionados cos programas da administración (convocados ou non por ela) dos que tiven noticia no 2025 en Ribadeo non chegaron nin a ofertar en conxunto 200 prazas, o 2 % da poboación de Ribadeo. Ese ritmo implica que aínda que non nacera máis xente (nace pouca, pero nace!), aínda que cada cursiño abranguese todos os programas da administración (que nin de coña, como moitísimo un par ou tres), pasarían máis de 50 anos para que os administrados tivéramos a formación pertinente. Algo moito, non? Ah, e sen que a administración cambiara os programas actuais por outros máis... novidosos? acordos? guais? simples? Non, isto último non, que é moi complexo!

A fenda dixital é unha falacia

por LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

O ser humano non nace cun pan debaixo do brazo e do mesmo xeito non debería presupoñerse que a tecnoloxía sexa un apéndice máis. Por suposto que podemos valorar os beneficios de ter grandes cantidades de información accesible no noso peto, ou de poder planificar cando comezará a lavadora. Porén, no momento en que se converte nunha barreira entre seres humanos, a función que

a miúdo lle asignamos de achegarnos ao progreso, desaparece nun sopro de vento.

A administración é pois unha ferramenta para o ser humano que ten como fin ofrecer unha organización burocrática da sociedade. A dixitalización da mesma permite o seu acceso a gran distancia ao tempo que elimina o factor humano da ecuación. Para algunhas persoas isto pode ser un beneficio pero para os máis vulnerables convértese nun abismo.

Cando se menciona a fenda dixital non podo máis que pensar que estamos a falar dunha falacia, de un nome elegante que se lle pon a unha preocupante carencia por parte da administración. O termo fenda dixital acostuma a facer referencia á xente maior, escoitamos dicir que este grupo de idade, por mor de non medrar coa tecnoloxía nas súas mans, ten máis dificultades para manexala. Mais o certo é que o reto que supón levar a cabo calquera trámite administrativo non ten relación ningunha coa data de nacemento.

Algunhas persoas cren que cos anos esta fenda dixital desaparecerá posto que a xuventude está a desenvolverse nun mundo hipertecnificado polo que no futuro xa non experimentarán dificultades coa administración dixital. O que moitos esquecen é que a vulnerabilidade da idade, da enfermidade ou do descoñecemento aparece en calquera momento da vida dunha persoa xa que depende máis das vivencias que un ten, da bioloxía coa que naceu ou das circunstancias que nos rodean, ca dunha falta de motivación ou educación.

Ninguén está libre de precisar axuda humana severa en calquera momento da súa vida o que inclúe xestionar os seus documentos. A dependencia que un experimenta neses períodos acostuma a ser suficiente no que se refire ás actividades básicas da vida diaria como para que o Estado nos poña aínda máis impedimentos complicando os trámites administrativos.

Aínda que sexan abundantes non precisamos recorrer só a casos extremos. Cada persoa ten unha serie de capacidades e habilidades que non teñen por que incluír o mundo dixital. Esixir que todos sexamos hábiles para a tecnoloxía e a administración é un método de control. Con esta actitude só se consegue incrementar as desigualdades facendo que aqueles adestrados neste tipo de procesos teñan vantaxe, o cal non sería tan preocupante se non fose que, coma sempre, os que poden contratar a outros para que llos fagan poderán aproveitarse dos beneficios da administración pisándolle a cabeza aos que menos teñen.

En definitiva, a fenda dixital non é algo que se soluciona con educación, é un asunto de clase e dereitos humanos que marca a igualdade á que poden optar os cidadáns dunha determinada administración.

Como vou ser soberano? Nin o estado o é!

por JOSÉ MANUEL VENTOSO PICOS

Durante catástrofes naturais como as que vivimos nestes últimos anos e non coido necesario recordar, o estado representado por diferentes axencias defendía ter feito todo o necesario para alertar á poboación xustificando uns mensaxiños en **twitter** (dende o reinado de Musk, X).

Quen aínda non teña bloqueadores de anuncios no **Youtube** verá, intercalado entre cada poucos vídeos, propaganda estatal en forma de curtos anuncios exaltando novas leis ou medidas. A nivel concello, raro é que non exista un grupo de **Whatsapp** ou **Facebook** a mesmo efecto.

En numerosos centros de ensino como colexios de primaria e secundaria, e mesmo universidades de enxeñería informática, estase a implantar **Google Classroom**. A través deste servizo do hexemón **Alphabet** todo o alumnado deberá acceder e responder as tarefas asignadas ao seu curso. Neste cómodo directorio estará almacenada toda a información pertinente a cada persoa, docente ou aprendiz.

Poderíamos seguir co uso do mediocre **Windows** en (case) todas as administracións, ou a cada vez maior implantación de **Oracle** nos sistemas de saúde, mais co exposto nos anteriores parágrafos xa observamos como o oligopolio dixital estadounidense e por tanto o país no que residen teñen acceso total a cada un de nós dende a infancia, así como coñecemento das comunicacións da administración á xente, como se configuran, a quen van dirixidas, quen fai caso e quen non. Por todo isto reciben ademais grandes sumas de diñeiro, que sería máis que suficiente para mellorar as alternativas libres e soberanas existentes tanto como fose necesario.

Neste fanzine ou na charla asociada non trataremos estas ferramentas, senón outras en teoría exclusivas do estado español. De feito, cando pensamos no software ou ferramentas dixitais utilizadas pola administración para interactuar con nós, rara vez nos ven á cabeza este entramado de ferramentas privadas que se impón entre xestores e xestionados e que está a medrar cada vez máis. Dende logo facer calquera trámite con algún ministerio é complicado de máis, pero olvidarnos de todas estas ferramentas de grandes empresas estranxeiras orientadas ao consumo e en moitos casos poñelas como exemplo de como facer ben as cousas non derivará nunha posición mais vantaxosa para a nosa sociedade.

Dende o colectivo amarinha.gal tratamos de axudar ás persoas a depender menos de grandes corporacións no seu día a día dixital, mais nesta novena edición o máximo ao que podemos aspirar é que neses trámites onde a xestión dos nosos datos se fai de xeito non soberano sexan o menos traumáticas posibles.

A modo de remate, buscando un sentimento máis op-

timista ao texto, recordar que hai maneiras de facer todo o exposto arriba dun xeito que respete a liberdade dos cidadáns. Para a comunicación xa coñecemos **Mastodon** e todo o **fediverso**, para as aulas existen alternativas como **Moodle** que se poden reforzar con **Nextcloud**, para a administración **Libreoffice** e **Linux** en xeral e para a xestión hospitalaria e de pacientes **GNUHealth**. En xeral, calquera ferramenta administrativa podería ser desenvolta coa filosofía do software libre e os datos poderían ser compartidos entre administracións e persoas de xeito transparente e seguro. Ese cambio é tecnolóxicamente posible e sería bonito pensar que concienciar aos habitantes do noso estado desa posibilidade é unha condición suficiente para que o cambio aconteza.

Na actualidade, a función dun teléfono ten pouco que ver coas comunicacións de voz e máis coa dun ordenador conectado a internet. Así, as administracións e os provedores de servizos dixitais dan por suposto que todos os usuarios teñen un dispositivo smartphone.

De feito, no mundo dixital, non nos identificamos cun DNI ou pasaporte; os números de teléfono móbil e os enderezos de correo electrónico converteronse en indispensables para identificarnos ou localizarnos.

Para o uso eficaz e seguro dos servizos dixitais, os certificados dixitais son esenciais; sen eles, é imposible ou moi difícil realizar certos trámites ou acceder a certos servizos.

Os correos electrónicos son unha forma de proba "prima facie", mentres que os correos electrónicos asinados electronicamente teñen plena validez legal comparable á dun burofax.

Introdución aos certificados dixitais

por MARIO PENELO RIVA

